



O SUBSTANTIVO



"Elephants near a Bare Tree" (Roman Odintsov, Pexels)



ÍNDICE

O SUBSTANTIVO

1. O SUBSTANTIVO.....	1
2. CLASIFICACIÓN SEMÁNTICA.....	2
2.1 Substantivos comúns e substantivos propios.....	2
2.2 Substantivos concretos e substantivos abstractos.....	2
2.3 Substantivos individuais e substantivos colectivos.....	2
2.4 Substantivos contables e substantivos incontables.....	3
<i>Exercicios</i>	3
3. O XÉNERO.....	5
3.1 Formación do feminino.....	5
<i>Exercicios</i>	7
4. O NÚMERO.....	8
4.1 Formación do plural.....	8
<i>Exercicios</i>	9
SOLUCIÓN.....	10



1. O SUBSTANTIVO

Es consciente da cantidade de substantivos que escribes ou pronuncias ao longo do teu día a día? De xeito intuitivo, escribes os substantivos **comúns** (*alumna*) en letra minúscula e os **proprios** (*Uxía*) en letra maiúscula. Os comúns poden ser substantivos **concretos** (*mesa*) se se perciben a través dos sentidos ou **abstractos** (*amor*) se non se perciben a través dos sentidos. Os concretos poden ser **contables** (*libro*) se se poden contar ou **incontables** (*azucra*) se non poden contarse. Finalmente, os contables poden ser **individuais** (*alumna*) se designan unha única unidade ou **colectivos** (*alumnado*) se estando en singular fan referencia a un conxunto de unidades.

Ademais, os substantivos teñen xénero (**feminino ou masculino**) e número (**singular ou plural**). Se te fixas, cando presentan xénero feminino podes antepoñerlle o artigo *a* (*a alumna*), mentres que se teñen xénero masculino podes antepoñerlle o artigo *o* (*o alumno*). Para formar o seu plural podes engadirllle **-s** (*avoa* > *avoas*), **-es** (*débil* > *débiles*) ou **-is** (*animal* > *animais*).



2. CLASIFICACIÓN SEMÁNTICA

2.1 Substantivos comúns e substantivos propios

Cando empregas un **substantivo común** fas referencia a unha persoa, animal, cousa ou lugar **en xeral**. En cambio, cando usas un **substantivo propio** aludes a unha persoa, animal, cousa ou lugar **en particular**. Se te fixas, escribes os substantivos propios coa primeira letra en **maiúscula**.

Substantivo común	Substantivo propio
alumna	Sara
vaca	Lulú
boneca	Laura
país	España

2.2 Substantivos concretos e substantivos abstractos

O **substantivo concreto** fai referencia a unha persoa, animal ou cousa que **podes percibir polos sentidos**: *nai, gato, mesa...*

Pola contra, o **substantivo abstracto** fai referencia a ideas ou sentimentos que **non podes percibir polos sentidos**: *alegría, enfado, ilusión...*

2.3 Substantivos individuais e substantivos colectivos

Cun **substantivo individual** nomeas **unha única** persoa, animal, cousa ou lugar. En contraposición, cun **substantivo colectivo** (estando en singular) nomeas un conxunto de persoas, animais, cousas ou lugares.

Substantivo individual	Substantivo colectivo
xogadora	equipo (conxunto de xogadoras)
ovella	rabaño (conxunto de ovellas)
prato	vaixela (conxunto de pratos)



illa	arquipélago (conxunto de illas)
------	------------------------------------

2.4 Substantivos contables e substantivos incontables

Como o seu nome indica, cun **substantivo contable** aludes a **algo que se pode contar**: **casa** (*unha casa, dúas casas, tres casas, catro casas...*).

En cambio, cun **substantivo incontable** fas referencia a **algo que non se pode contar**: fariña, azucre, leite... Para contabilizar estes substantivos, terías que botar man de paquetes ou unidades de medida: *un paquete de azucre, dous paquetes de azucre, tres paquetes de azucre, unha cullerada de fariña, dúas culleradas de fariña, tres culleradas de fariña...*



EXERCICIOS

Exercicio 1

Clasifica os seguintes substantivos segundo sexan **comúns** ou **propios**: *Lisboa, Xoán, amiga, América, diñeiro, zapatos, Lola, can, libro, tartaruga, cantante, Colombia*.

Substantivos comúns	Substantivos propios

Exercicio 2

Clasifica os seguintes substantivos segundo sexan **concretos** ou **abstractos**: *amor, amizade, árbore, odio, paz, elefante, flor, decepción, cociñeira, doutora, intelixencia, liberdade*.

Substantivos concretos	Substantivos abstractos



Exercicio 3

Completa a táboa:

Substantivo individual	Substantivo colectivo
	carballeira
tecla	
	abecedario
pluma	
	orquestra

Exercicio 4

Clasifica os seguintes substantivos segundo sexan **contables ou incontables**: *sal, piano, mazá, estudante, arroz, café, leite, viño, fotografía, galiñas, area, pantalón*.

Substantivos contables	Substantivos incontables

3. O XÉNERO

En canto ao **xénero**, os substantivos poden estar en **masculino** (*o pai, o teléfono*) ou en **feminino** (*a nai, a casa*). Se teñen xénero masculino podes colocarlle diante **o**, mentres que se teñen xénero feminino podes poñerlle diante **a**.

Xénero masculino	Xénero feminino
- O nome das letras: <i>o a, o be, o ce, o de, o e...</i> - Os substantivos rematados en -ume: <i>o costume, o cume, o lume...</i> - Os substantivos: <i>o cárcere, o labor, o leite, o mar, o mel, o nariz, o sangue, o sorriso...</i>	- Os substantivos rematados en -axe: <i>a paisaxe, a viaxe...</i> Excepto: o traxe, o paxe, o garaxe. - Os substantivos rematados en -se, -te, -ite: <i>a análise, a paréntese, a bronquite...</i> - Os substantivos: <i>a árbore, a arte, a calor, a cor, a dor, a fame, a marxe, a orixe, a ponte...</i>

3.1 Formación do feminino

Palabras variables

- Palabras **rematadas en -vogal átona** (a vogal non está na sílaba con maior forza de voz) substitúen a vogal por **-a**: *fillo>filla, oso>osa, xefe>xefa*.
- Palabras **rematadas en -vogal tónica** (a vogal está na sílaba con maior forza de voz) engaden **-a**: *avó>avoa, cru>crúa*.
- Palabras **rematadas en -consoante distinta de n** engaden **-a**: *señor>señora, xuíz>xuíza*.
- Palabras **rematadas en -an** poden facer o feminino:
 - Substituíndo o **-an** por **-a**: *capitán>capitá, cidadán>ciudadá*.
 - Engadindo **-a** cando é unha palabra negativa: *mentirán>mentirana, folgazán>folgazana*.
- Palabras **rematadas en -on** poden facer o feminino:
 - Substituíndo o **-on** por **-oa**: *campión>campioa, león>leoa*.
 - Engadindo **-a** cando a palabra é negativa ou aumentativa: *lambón>lambona, pasmón>pasmona*.

- Cambian as palabras totalmente:

Xénero masculino	Xénero feminino
home	muller
xenro	nora
pai	nai
cabalo	egua
boi	vaca
carneiro	ovella

- As palabras adquiren terminacións diferentes para o feminino e o masculino:

Xénero masculino	Xénero feminino
abade	abadesa
poeta	poetisa
actor	actriz
heroe	heroína
príncipe	princesa
rei	raíña
can	cadela
galo	galiña

Palabras invariables

- O xénero márcase a través de palabras que van antes ou despois:
o artista > a artista un estudante bo > unha estudante boa
- O xénero márcase a través de palabras como *macho/femia, home/muller*:
unha ra macho > unha ra femia unha vítima home > unha vítima muller



EXERCICIOS

Exercicio 5

Clasifica os seguintes substantivos segundo teñan xénero **masculino ou feminino**: *o efe, o fume, a peaxe, a otite, o labor, a marxe, o resumo, a arte, o nariz, o leite.*

Xénero masculino	Xénero feminino

Exercicio 6

Forma o feminino das seguintes palabras:

nu:

alemán:

patrón:

lerchán:

sobriño:

papán:

rapaz:

cidadán:

deus:

cabezón:

mestre:

tartaruga:

4. O NÚMERO

En canto ao **número**, un substantivo pode estar en **singular** (designa un individuo dunha especie) ou en **plural** (nomea varios individuos dunha especie).

4.1 Formación do plural

- As palabras rematadas en **-vogal** ou en **-ditongo** engaden **-s**:
mesa>mesas, rubí>rubís, lei>leis.
- As palabras rematadas nunha **consoante distinta de -r, -z, -l, -s, -x** engaden **-s**:
club>clubs, camión>camiós.
- As palabras **rematadas en -r e en -z** engaden **-es**:
mar>mares, luz>luces.

Fíxate en que as palabras rematadas en **-z**, ao engadir **-es**, o **-z** transfórmase en **-c**.

- As palabras **rematadas en -x son invariables** e faise o seu plural a través dunha palabra que a preceda:
o fax>os fax.
- As palabras rematadas en **-l** poden facer o plural de distintas maneiras:
 - Se só teñen **unha sílaba** engádese **-es**: *gol>goles.*
 - Se teñen dúas ou máis sílabas e o **golpe de voz** vai na **última** substitúese o **-l** por **-is**: *animal>animais.*
 - Se teñen dúas ou máis sílabas e o **golpe de voz** vai na **penúltima** engádese **-es**: *débil>débiles.*
- As palabras rematadas en **-s** poden facer o plural de distintas maneiras:
 - Se o **golpe de voz** recae na **última sílaba** engaden **-es**: *compás>compases, deus>deuses.*
 - Se o **golpe de voz** recae na **penúltima e na antepenúltima** sílaba son **invariables** e o seu plural faise a través dunha palabra que a preceda:
o lapis>os lapis
o mércores>os mércores
- As palabras **rematadas en dúas consoantes** son **invariables** e faise o seu plural a través dunha palabra que a preceda:



o luns>os luns.

o bíceps>os bíceps.

EXERCICIOS

Exercicio 7

Clasifica as seguintes palabras segundo estean en **singular** ou en **plural**: *teléfonos, os lapis, o lapis, porta, comida, álbums, papeis, males, tics, can.*

Número singular	Número plural

Exercicio 8

Forma o plural das seguintes palabras:

lugués:	cor:	cruz:	anorak:
español:	difícil:	pai:	pub:
mal:	algún:	tórax:	sol:



SOLUCIÓNS

Exercicio 1

Clasifica os seguintes substantivos segundo sexan **comúns ou propios**: *Lisboa, Xoán, amiga, América, diñeiro, zapatos, Lola, can, libro, tartaruga, cantante, Colombia*.

Substantivos comúns	Substantivos propios
amiga, diñeiro, zapatos, can, libro, tartaruga, cantante.	Lisboa, Xoán, América, Lola, Colombia.

Exercicio 2

Clasifica os seguintes substantivos segundo sexan **concretos ou abstractos**: *amor, amizade, árbore, odio, paz, elefante, flor, decepción, cociñeira, doutora, intelixencia, liberdade*.

Substantivos concretos	Substantivos abstractos
árbore, elefante, flor, cociñeira, doutora.	amor, amizade, odio, paz, decepción, intelixencia, liberdade.

Exercicio 3

Completa a táboa:

Substantivo individual	Substantivo colectivo
carballo	carballeira
tecla	teclado
letra	abecedario
pluma	plumaxe
músico	orquestra

Exercicio 4

Clasifica os seguintes substantivos segundo sexan **contables ou incontables**: *sal, piano, mazá, estudante, arroz, café, leite, viño, fotografía, galiñas, area, pantalón*.



Substantivos contables	Substantivos incontables
piano, mazá, estudante, fotografía, galiñas, pantalón.	sal, arroz, café, leite, viño, area.

Exercicio 5

Clasifica os seguintes substantivos segundo teñan xénero **masculino** ou **feminino**: *o efe, o fume, a peaxe, a otite, o labor, a marxe, o resumo, a arte, o nariz, o leite.*

Xénero masculino	Xénero feminino
o efe, o fume, o labor, o resumo, o nariz, o leite.	a peaxe, a otite, a marxe, a arte.

Exercicio 6

Forma o feminino das seguintes palabras:

nu: núa	alemán: alemá	patrón: patroa
lerchán: lerchana	sobriño: sobriña	papán: papana
rapaz: rapaza	cidadán: cidadá	deus: deusa
cabezón: cabezona	mestre: mestra	tartaruga: a tartaruga femia

Exercicio 7

Clasifica as seguintes palabras segundo estean en **singular** ou en **plural**: *teléfonos, os lapis, o lapis, porta, comida, álbums, papeis, males, tics, can.*

Número singular	Número plural
o lapis, porta, comida, can.	teléfonos, os lapis, álbums, papeis, males, tics.

Exercicio 8

Forma o plural das seguintes palabras:

lugués: lugueses	cor: cores	cruz: cruces	anorak: anoraks
español: españois	difícil: difíciles	pai: pais	pub: pubs



mal: males

algún: algúns

tórax: os tórax

sol: soles